







# A casa dos Lucarios

## Teresa Moure

XERAIS





## FICHA TÉCNICA

Título: *A cada dos Lucarios*  
Autora: Teresa Moure  
Editorial: Edicións Xerais de Galicia  
Colección: Fóra de Xogo  
Nº páxinas: 104  
ISBN: 978-84-9782-630-3



## A AUTORA

TERESA MOURE

Teresa Moure é docente nas facultades de Filosofía e Filoloxía da USC. Ten publicados traballos en torno á responsabilidade ética do investigador e o temor ao colonialismo e á homoxeneización cultural.


2

Entre os premios recibidos están o Ramón Piñeiro de Ensaio 2004 por *Outro idioma é posible*, o Lueiro Rey de novela curta 2004 e o Arcebispo San Clemente por *A xeira das árbores*, o Premio Xerais de novela 2005, Premio Irmandade do Libro á Autora do ano 2005, Premio Benito Soto á mellor novela do ano, Premio da Crítica Española e Premio AELG 2006 de narrativa por *Herba Moura*, así como o Premio Rafael Dieste pola peza dramática *Unha primavera para Aldara*.

Outros libros publicados son: a novela *Benquerida catástrofe* e o ensaio *A palabra das fillas de Eva*.

A autora defínese como rebelde, desconfiada, ecofeminista, vexetariana, multiculturalista, anticapitalista, antiglobalización...





## O LIBRO

Esta é a primeira incursión desta autora na literatura xuvenil, que nos últimos tempos acadou un grande éxito na literatura de adultos.

Unha novela curta pero chea de contido.


Un relato que conserva o ton e nos mantén a atención no repaso polos membros dunha familia ao longo do tempo.

O realismo máxico campando entre os días e os personaxes desa familia que se fai a si mesma, tal e como somos, desorganizados e sobrevivindo aos avatares, diferentes ata a sociedade, con ecoloxistas e especuladores, con mulleres bandeira e outras invisibles... unha familia e un tempo, unha casa que se vai desgaxando dando lugar a moitas e uns membros que teñen gardan relación co pasado pero están na actualidade.



## TEMAS E VALORES

- *Medio ambiente:* árbores coma persoas ou cando as árbores tamén forman parte da familia e da casa.
- *A familia, a estirpe.*
- *O respecto pola diferenza.*
- *Personaxes femininas cheas de forza e orixinalidade.*
- *Especulación e política municipal.*
- *Ecoloxismo. Respecto polo país, fronte ao autoodio.*



## ACTIVIDADES

\* A proposta de actividades que segue xorde das múltiples posibilidades de xogo arredor do texto. Nunca deben ser tomadas dun xeito que non sexa simplemente a apertura dun abano de posibilidades para comprendelo algo mellor, darlle voltas, repensalo...

Cada mediador deberá escoller aquelas actividades que lle resulten máis interesantes tendo en conta os intereses que o guían, ou creará as súas propias en base ás que se deseñan a seguir.

En calquera caso, o máis importante dunha historia é lela e comentala. Realizar algunha actividade en torno a esta lectura debe ser, en todo caso, complementario do anterior, pero nunca debe ocultar o obxectivo principal: ler e disfrutar a obra.

### ANTES DA LECTURA:

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. Observando as capas imaxinaremos de que pode tratar e o que podemos atopar nel.
- Atenderemos ao que nos suxiran o título e a ilustración da portada.
- A lectura da contraportada axudaranos a adiantar o seu argumento. Deixamos que vaian aflorando os coñecementos previos acerca deste tema, falamos doutros libros que nolo lembren.
- Identificamos a autora e comentamos o que saibamos acerca dela; podemos axudarnos coa lectura do apartado que leva o título «A autora». Podemos localizar outros libros da súa autoría, facer unha busca na rede para localizar entrevistas e novas en relación a ela, etc.
- Podemos falar da colección, doutros títulos que coñezamos e da opinión que nos mereceron. Revisamos o apartado «Últimos libros da colección» e comentamos cales nos apetecería ler.
- Comentamos as expectativas que temos acerca deste libro.
- Imaxinamos unha historia con este título. Pensamos de onde pode vir ese nome dos Lucarios e cando atopemos o significado no texto veremos ata onde nos aproximamos nas nosas anticipacións.

### AO LONGO DA LECTURA:

- Lemos a dedicatoria. Falamos das persoas a quen llelo dedica e as razóns polas que o fará.
- Ao longo da lectura iremos identificando quen narra a historia.
- Seleccionamos aqueles fragmentos que nos interesaron máis para poder compartilos máis tarde cos compañeiros e compañeiras.


- Despois de ler cada un dos capítulos poñémoslle un título que nos resulte axeitado.
- Observamos o ton no que se relata e comentámolo. Vemos se cambia ou se mantén ao longo da lectura.
- Poñémoslle atención ao ritmo do relato, observando se se mantén.
- Escribimos unhas pequenas notas coas que definir a cada Lucario, poñémolas en común e consensuámolas entre todos e todas.
- Tentamos descubrir o tempo no que se desenvolve a historia. Iremos construíndo unha árbore xenealóxica, de xeito que ao lado de cada un poñeremos unha característica que nos axude a lembrar a súa historia.
- Explicamos as frases: «Quen pretende comprender o futuro do amor, fica sen amor e sen futuro»; «Unha é de onde ten os seus mortos»; «A vida era un xogo de equilibrios semellante ao diálogo que a súa gaita tecía coa do compañeiro»; «A casa rosmou como gata en celo»; «Non tiña tribuno nin deus»; «O último verme que bicara o seu esqueleto estaba tamén morto».
- Comentamos a relación entre Rosa e Chicho desde o prisma dos roles de xénero: como son cada un deles, quen ten máis vista para os negocios, quen tira máis pola vida, etc. Que é o que non pode permitir Chicho e por que se incomoda?
- «Se o pensas, tes nas mans a alma dun pobo», dicía Chicho referíndose á gaita. Opinemos acerca desta afirmación.
- Contestamos:
  - Que feito fai que a primeira parella da saga se faga sedentaria?
  - Que lle diría Rosa a Chicho ao oído –que ninguén sabe– pero que o tranquiliza sempre?
  - Onde notas a gheada?
  - A que che lembra «(...) viaxante repoludo e falangueiro (...)»
  - Quen será a raíña Henriqueta?
  - Que chama a atención do recinto vivencial dos Lucarios cando se entra alí por primeira vez?
  - Quen trouxo «a decepción na mirada, un frío xermánico no corazón e o fracaso detrás de cada proxecto»?
  - Quen «coma Penélope» miraba polos pais, peiteaba a longa cabeleira da súa nena e lía novelas de amor?
  - Lucas, pode ter algo que ver con Lugo?
  - Que recoñeces como propio da nosa idiosincrasia?
- Animémonos a ilustrar algunha das escenas.
- Buscamos algún recurso literario, como as comparacións («Orgullosa e libre coma un miñado», as metáforas («ollos de corza»)...
- Se tiveses que pensar nunha heroína da vida cotiá, en que personaxe te centrarías?
- Hai obxectos que son propios dunha época determinada; esa máquina de coser Singer que se cita no relato é unha delas. Para confirmalo pódese preguntar ás avoas e bisavoas acerca destas ferramentas.
- A viaxe das pezas do cuarto de baño dos Lucarios pódete lembrar outras excursións case surreais de obxectos por lugares indómitos. Porque é surreal ter as pezas sen contar coa auga.

- Cando se conta a historia dunha familia ao longo do tempo, aparecen os momentos nos que se descubren modernidades como o champaña. Preguntade polos grandes descubrimentos e a repercusión na vosa familia: a primeira vez que mercaron ou viron un televisor ou unha lavadora, que facían cando chegou o primeiro astronauta á lúa, como viviron o intento de golpe de estado ou a morte de Franco...
- A historia dalgún dos personaxes resulta dun realismo máxico tal que lembra algún dos que García Márquez colocara en *Cien años de soledad*. Así, dise que Leocadia semella estar feita de espuma de nubes, que dá medo a súa perfección, que en vez de sangrar pola ferida abrollan bágoas, que os mozos non se lle achegan porque a ven tan fermosa que os escorrenta ao non sentirse seguros... Releamos todo o relativo a este personaxe e busquemos algún outro deste estilo na novela citada.
- Falemos de curandeiros e curandeiras dos que teñamos noticias.
- Expliquemos a frase «A realidade contén asuntos máxicos». Demostrémolo.
- Os veciños consideran a Leocadia curandeira e dirán que ten o poder das augas, pero tamén se pode explicar todo o que ela fai dun xeito científico. Argumentémolo desta maneira baseándonos no texto.
- Dise que certas herbas aromáticas poden cambiar a vida de calquera con só cheiralas. Esta pode ser unha boa razón para realizar un traballo sobre esas herbas, recoñecelas, estudar os seus poderes curativos, ver como se usan na cociña...
- Expliquemos en que consistía o negocio dos intermediarios e o resultado que deu cando un dos personaxes decide levalo a cabo.
- Semella ser un signo dos novos tempos o feito de que sexan os fillos os que dan alcume ás familias, segundo se cita na novela. Non entanto, normalmente os alcumes veñen de vello, ás veces incluso se perderon as súas orixes. Indagade cales con os alcumes da vosas casas e de onde poden derivar.
- Intentemos situar o relato no tempo histórico. Vexamos cal é a participación da familia dos Lucarios na transición democrática.
- Tomemos nota dos países e cidades que se nomean. Localicémolas nun mapa.
- «Que pouca razón temos cando temos razón». Unha frase que podería dar para unha gran disquisición.
- Buscade personaxes que respondan a esta definición: «O beneficio propio era o seu único amor coñecido».
- «Non teño un fillo diferente, teño sete fillos diferentes», di Rosa en relación á homosexualidade dun deles. Isto pode dar pé a un debate acerca da diferenza e a igualdade, incluso da desigualdade entre uns e outros.
- Recolledes as referencias á escola libertaria e aos seus principios. Realizade unha pequena investigación ao respecto.
- «En deixarse guiar non hai submisión ningunha, senón fame de aprender», unha frase que nos pode dar moito que falar.
- Repasemos, na páxina 92, as palabras de Laura para explicar o desapego ao noso, esa maneira de non mirar polo propio, de non querernos... Posteriormente podemos realizar un debate acerca disto que alguén chamou autodio.
- Esa imaxe de país destruído ou de horta volta escombreira poderíamos ilustrala con fotografías.
- Tal vez debamos «pisar suavemente sobre a terra». Que quere dicir isto?

- Os últimos Lucarios queren unha casa para os que veñan, pero non queren erguela no lixo. Supón isto un cambio con todo o anterior?
- Analicemos na obra o enfrontamento dos ecoloxistas fronte aos que practican a especulación.
- Falemos acerca dos personaxes, se os últimos nos parecen máis simples ou complexos que os primeiros. Argumentémolo.
- Analicemos as parellas dos Lucarios e as súas relacións.

#### DESPOIS DA LECTURA:

- A modo de resumo, contade cun mínimo de detalle o máis importante que lle sucede a cada un dos personaxes.
- Vexamos que árbores aparecen na novela, tentemos recoñecelos e afondar nas súas características. Relacionemos árbores con persoas. Sabemos que a Asociación de Escritores en Lingua Galega está a facer unha homenaxe a determinados escritores na súa vila e en cada un dos casos plantan unha árbore diferente. Indaguemos como escollen cada unha destas árbores e a relacionan co autor.
- Conta a historia da túa familia. Pregunta. Realiza a árbore xenealóxica. Escribe esa historia de maneira orixinal. Podería titularse «A casa dos ...»
- Poderías tamén escribir a historia dunha ou varias árbores da túa horta ou da alameda / parque que teñas máis próxima.
- Unha vez lida a novela, expliquemos cal é ou pode ser a razón do título. Comentemos entre todos que outros nos parecerían adecuados para esta historia.
- Na obra recóllese o feísmo como fenómeno socio-artístico. Defíneo. Busca elementos ao teu arredor. Observa o que se fixo coa arquitectura tradicional. Posteriormente, sería interesante realizar un debate e tomar algunha decisión ao respecto, pois algo teremos que facer coa realidade, ou non?
- No texto aparece como personaxe unha persoa real; trátase dun fotógrafo. Primeiro adiviñaremos quen é e máis tarde buscaremos datos acerca da súa obra.
- Este libro poderíase ilustrar con colaxes.
- Escribimos unha dedicatoria para este libro.
- Esta podería ser unha boa historia para pasar a cine. Imaxinemos como facelo, que música poñerlle, por onde comezar a rodaxe, que actores e actrices poderían representar os personaxes...
- Podemos escribirlle unha carta á autora comentándolle a nosa opinión sobre este libro e suxeríndolle outros temas que podería tratar.
- Resumimos o argumento desta historia. Observamos cal sería a trama principal e cales as secundarias.
- Realizamos unha posta en común, para comentar a nosa opinión, sobre o texto.
- Intentamos identificar os valores que defende a autora.
- Podemos realizar un cómic con este argumento.
- Relacionamos a novela con algunha película.
- Realizamos unha posta en común acerca da semellanza ou diferenza no tratamento dos personaxes femininos e masculinos.



**Pedidos a:**

**Comercial Grupo Anaya**  
**Polígono Pocomaco**  
**Avenida 3 Edificio Diana**  
**Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña**  
**Tel.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647**

**XERAIS**

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo**  
**Apartado Postal 1446. 36200 Vigo**  
**Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80**  
**Telefax: (986) 20 13 66**  
**Correo electrónico: xerais@xerais.es**  
**http: //www.xerais.es/**

**EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA**



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2008  
 © Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008  
 Depósito legal: VG 606-2008